

NOME DO PROGRAMA DE EMPREGO: **FORMAWEB IV**

Expediente: 36/00004/2021
Especialidade: "IFCD0210/IFCD0211 Desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxías web e Sistemas de Xestión de Información"
Data de inicio: 13/08/2021
Data de finalización: 12/08/2022
Entidade Promotora: Concello de Vigo.

RESUMO DAS ACTIVIDADE FORMATIVAS E DOS SERVIZOS E OBRAS

Cuarta edición do **Programa de Emprego FORMAWEB**, no cal un total de 16 alumnos/as traballadores/as, incluídos no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, reciben formación profesional para o emprego dirixida á obtención dos certificados de profesionalidade "IFCD0210 Desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxías web" e "IFCD0211 Sistemas de Xestión de información".

Este Programa de Emprego está cofinanciado pola Unión Europea a través do Fondo Social Europeo, mediante a iniciativa de Emprego Xuvenil, Programa Operativo de Emprego Xuvenil 2014-2020. Conta cun presuposto total de 402.492,32 €, onde a Xunta de Galicia aporta 369.492,32 € (procedentes do FSE) e o Concello de Vigo 33.00,00 €

O Programa de Emprego FORMAWEB IV ten unha duración de 12 meses, desde agosto do 2021 ata agosto do 2022, e desenvólvese no Centro de Iniciativas de Emprego do Concello de Vigo, sito na rúa Arquitecto Pérez Bellas nº 9 baixo. Conta para o seu desenvolvemento cun equipo directivo formado por unha directora, unha titora, un experto/docente e unha administrativa.

Como **obxectivo temático** enmarcado dentro do programa operativo de emprego xuvenil 2014-2020 sinálase en particular OT 8: " Conseguir formación e un emprego de calidade". Para isto o P.E. FORMAWEB IV ten como un dos obxectivos xerais que os participantes no mesmo acaden a inserción laboral mediante a súa cualificación profesional en alenancia co traballo efectivo.

Para elo durante o proxecto se desenvolverán dous certificados de profesionalidade que conteñen actividades relacionadas co fomento das TIC e de economía dixital.

O outro obxectivo xeral do proxecto é acadar a mellora das ferramentas e recursos tecnolóxicos a empregar polo Servizo de Orientación Laboral (SOL) do Concello de Vigo,

O alumnado-traballador ten un contrato de formación-aprendizaxe, a través do cal a formación altermase coa adquisición de experiencia laboral e a posta en práctica dos coñecementos adquiridos, desenvolvendo un servizo de interese xeral e social, mediante a posta en marcha da "Web do Servizo de Orientación Laboral", funcionando con todas as características técnicas activadas e con contidos reais, de xeito que a páxina estea plenamente operativa e actualizada.